



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL
Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela

Rúa Ulpiano Villanueva, 1-2
15705 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 554 710 Fax: 981 554 875
eoi.santiago@edu.xunta.es
http://www.eoisantiago.org



CONCURSO DE TARXETAS DE FELICITACIÓN DE NADAL – CURSO 2018/19

BASES

1. Poderá participar todo o alumnado que estea a cursar estudos na EOI de Santiago de Compostela ou en calquera das súas seccións, no curso 2018-2019.
2. Cada participante poderá presentar un **máximo de tres felicitacións**.
3. A felicitación poderá presentarse en calquera formato (fotografía, imaxe fixa, imaxe animada, presentación, vídeo, multimedia, etc.) en soporte dixital. No caso dos vídeos, a duración máxima será de 20 sg.
4. Deberá incluír en todos os casos un texto de felicitación en, como mínimo, unha das linguas que se imparten na escola. Ademais, presentarse tamén o ficheiro da(s) imaxe(s) sen texto.
5. Todos os elementos da felicitación deben ser orixinais e estaren libres de dereitos de autoría. O alumnado participante cede os seus dereitos de publicación sobre a obra que presenta e a EOI poderá empregala para felicitar as festas á comunidade educativa e a outras institucións.
6. Cada participante presentará a(s) súa(s) felicitación(s) na Conserxería do centro en Vite, ou na Xefatura de estudos da súa sección, nunha unidade de memoria (CD, pendrive...) que será devolta logo de rematar o concurso. Deberá ir dentro dun sobre pechado cun pseudónimo. Neste mesmo sobre incluírá outro sobre pechado cos seus datos persoais (nome e apelidos, idioma e grupo no que está matriculado, teléfono e e-mail).
7. Outorgarase un único premio (vale de 50 euros para compras on-line e unha camiseta do certame aRi[t]mar).
8. O xurado estará integrado por cinco membros do persoal do centro.
9. O seu voto será emitido tendo en conta criterios de creatividade, orixinalidade, pertinencia do deseño/imaxe/vídeo e calidade lingüística da mensaxe.
10. O xurado poderá descalificar as felicitacións que incumpran algunha das bases do concurso.
11. **Data límite de presentación das felicitacións: 18 decembro de 2018.**
12. Fallo do xurado: 19 de decembro de 2018 ás 12:15h.
13. Entrega de premios: 20 de decembro de 2018 ás 18:00h na aula 7.
14. A participación neste concurso implica a aceptación destas bases.

